



Ilustración da portada: Carla Madaleno Iglesias

*ás inspiracións, modelos e piores
e, coma sempre, a Buenos Aires.*

A miúdo téntasme.

IOLANDA ZÚÑIGA

a palma da man
presionando o tórax

como a nena
que quere saír do circo
cando veñen os elefantes

medrar

para plantarse diante do consello
e facer o que mellor sabe facer:

chorar de rabia

engadir impotencia.

a túa ausencia
non me mata

esperta
ás escalopendras que me gabea

causan
a dor da lucidez

lembran
o ignorante desexo,
as ganas de calarte
sen consecuencias

reciclarei o teu nome
en futuros amantes

sempre serei
autocensura.

(nunca-confesarei)

esta soidade levará o teu nome

confensarei

falsos amantes

para non renunciarte

no desconcerto.

só quero que me escoites berrarte
nesta sinxela distancia

que o meu insomnio
sexa sufrimento

nada
máis afastado
que o cuestionamento

autoimpercepción

demasiado perigosa para a clemencia.

quixera non ter que aprender

non ver

a este animal do descoñecer
no espello ao espertar

quixera estourar

berrarte para que escoites

deixar as miñas vísceras

salaios, penas, vermes

saír polos dedos

impregnándote.

a melodía do silencio
nesta fría boca

selada e invisible

baixo terra:
semente

DE MIN MEDRARÁN
AS GRANADAS DA REDENCIÓN

chega o inverno

corvos negros no mencer
estou soñando:
o campo de batalla é noso

exhaustos
sobre terra mollada
pedindo o auxilio
da moral

a parede de cemento chora
por este corpo morto tirado no chan,

a imaxe perfecta para ir durmir.

